



UNHA NOITE NO MUIÑO...



(DE SERÁNS, ROADAS, FOLIADAS E MUIÑADAS)

Tradicións / Cantigas / Int-Ext
Idade: P. familiar / P. Infantil (4-10 anos)
Duración: 60 minutos

@Caxoto_
653 61 61 26
www.atrastendadoscontos.com

UNHA NOITE NO MUIÑO

PÚBLICO	Público familiar / Infantil de 4 a 10 anos
DURACIÓN	50 - 60 min
CATEGORÍAS	Tradición / Cantigas / Int-Ext
SINOPSE	<p>Se unha tradición temos clara na nosa cultura é que non se remata ningún gran traballo sen celebralo por todo o alto. As vendimas, os fiandóns, a colleitas e sementes, a malla, ir ao muiño moer, ... eran todos traballos que conxugaban ao remate da xornada baile, música e festa rachada.</p> <p>Neste espectáculo Caxoto fai un percorrido por esas tradicións, cóntannos como se adivertían as nosas avoas e avós e converte o escenario nun local de baile improvisado onde escoitaremos de muiñeiras, agarrados, pasodobres, ... ao son dos nosos instrumentos: gaita, pandeireta, acordeón, ... e quen sabe? ... cun pouco de sorte incluso aprendemos a bailar unha sinxela muiñeira.</p>
NECESIDADES TÉCNICAS	<p>Luz escénica básica</p> <p>Conexión eléctrica</p> <p>Escenario mínimo recomendable: 5 m (boca), 4 m (fondo), 4 m (alto)</p> <p>Equipo de son adaptado ao espazo (o espectáculo conta cun equipo de son de 300w)</p>



IMAXINARIO



Coñeceremos como se divertían nos tempos das nosas avoas e avós... unha vez rematado o traballo.



Caxoto tocará instrumentos e cantará como os facían as nosas avoas e avós.

Case sen darnos conta aprenderemos os rudimentos dunha muiñeira



**A TRASTENDA
DOS CONTOS**

@caxoto_
653 61 61 26
caxoto@atrastendadoscontos.com
www.atrastendadoscontos.com

SOBRE CAXOTO

CAXOTO

Caxoto é a persoa que se atopa tras do mostrador na Trastenda dos Contos. Mestre en educación primaria e sempre ligado ao espazo escénico entra en contacto coa narración oral coa súa chegada á Editorial Kalandraka no 2004. Alí logo de formarse como narrador asume a campaña de animación á lectura que o leva por colexios e bibliotecas de toda Galicia.

A partir de aí comeza un longo camiño no que ir definindo o contador que chegou a ser ben a partires do seu traballo ben a través da formación con algunhas das figuras máis relevantes da narración oral: Paula Carballeira, Cándido Pazó, Celso F. Sanmartín Campanari, Mercedes Hernández, Carolina Rueda, as Escolas de verán de AEDA, ...

Caxoto Contacontos percorreu varias veces toda a xeografía galega con espectáculos de narración oral para público infantil, adolescente e adulto. O seu contar é sinxelo, directo, retranqueiro e cheo de emocionalidades. O seu amplo repertorio toca todos os paus da narración oral: conto tradicional, contemporáneo, contos de creación propia, historias de vida, ... e no seu contar non hai temas tabú.

Dende que no ano 2015 decide vivir exclusivamente do conto participa e repite en varios festivais de teatro e/ou narración oral que o leva por distintos puntos da xeografía española.

- Festival EVA -En Veu Alta (Cataluña)
- Festival Contando Cuentos (Salamanca)
- MIT (Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia)
- La senda del cuento (Toledo)
- Maratón de centos de una noche de verano (Chapinería)
- Maratón de los cuentos Guadalajara (sección Inauditos)
- Festival "Falando a Boca Chea" (A Coruña)
- Festival Núbebes (Pontevedra)
- Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT)
- Festival Atlántica (Santiago de Compostela)
- Festival EVA- Era Uma vez no Atlántico (Madeira-Portugal)

